

Visto o gran número de terrazas de hostalaría que existen neste concello, preguntamos cantas delas tiñan licencia para este ano 2013. A resposta foi sorprendente: “soamente una terraza en todo o concello solicitou licencia”. Ou sexa que, neste pobo, se pides licencia pagas e senón non pasa nada.

Dende AER consideramos una auténtica vergoña esta situación sendo ademais una falta de respecto á cidadanía que paga os seus impostos. Que o responsable desa área o Sr. Arturo non teña tomado as medidas oportunas parécenos una deixadez de funcións intolerable. Se a escusa que van a poñer é que a ordenanza aínda esta en fase de exposición pública vai ser mellor que lle devolvan os cartos ó negocio que pagou porque a aprobación definitiva vai para rato. Recordemos que os responsables da aprobación desta normativa PP-PSOE non se deron conta que é ilegal e terán que alegar (nós non lle imos facer ese traballo).

Porque é ilegal: Vexan o que di a “LEI 8/1997, do 20 de agosto, de accesibilidade e supresión de barreiras na Comunidade Autónoma de Galicia.”

*ANEXO Artigo 6.-Itinerarios.*

*6.a) Itinerarios peonís: - Largura mínima libre de obstáculos: a largura mínima libre de obstáculos en áreas desenvolvidas a través de instrumentos de planeamento integral será de 1,80 m, e en situacións puntuais poderá ser de 1,50 m.*

QUE DI A NOSA NORMATIVA DE TERRAZAS E CADEIRAS?

*ARTIGO 12. CONDICIÓN DE SITUACIÓN*

*2. Características das beirarrúas e ocupación permitida.*

*2.a. Será requisito indispensable para autorizar a instalación da terraza que a beirarrúa na que se instale teña unha largura mínima de 2,50 metros e que se deixe, polo menos, un espazo de 1,20 metros libres de obstáculos para o tránsito dos viandantes, e que as mesas e cadeiras esten separadas como mínimo 50 cmts do bordo da mesma.*

*2.b. Unicamente, nas beirarrúas de largura igual ou superior a 5,50 metros, se permitirá unha dobre fileira de mesas debendo deixar, en todo caso, 1,40 metros libres de obstáculos para o tránsito dos peóns. Asemade, entre as dúas fileiras de mesas deixarase un paso para servir as mesmas de 0,80 cm.*

CONCLUSIÓN: No mes de marzo haberá que traer de novo a Pleno a ordenanza, si cadra podemos contar antes coa versión definitiva e consensuala con tempo e non volven a andar de aquí para alá sen que nin deus saiba cal é o texto do que se está a falar. Se cadra, desta vez non aparecen cousas que non se falan antes e podemos evitar ridículos coma este.

Esta é a situación na que nos atopamos. Ou o responsable desta área toma as medidas correctoras correspondentes ou pedirmos que lle devolvan os cartos o negocio que cumpriu ca legalidade. En todo caso AER quere facer un recoñecemento público a Da. Angela polo seu sentido da cidadanía e responsabilidade e animamos aos veciños a corresponderlle cun tinto do país cando menos. Sr. Arturo teña a ben arranxar isto ou

dimita por INCOMPETENTE. Engadir que despois veñen co conto ese de que hai que aforrar e gastar menos, non falan de recadar o que corresponde. Se cadra subimos as taxas xerais e xa arranxamos.